

O BAUTISMO DE CRISTO DE MONTEFARO

Juan A. Carneiro Rey¹

1. O CONTEXTO

Estúdase neste artigo un relevo representando o bautismo de Cristo custodiado no *Museo Arqueológico Nacional*. Na súa ficha consta como procedente do mosteiro de Montefaro (Ares). O mosteiro de Santa Catalina de Montefaro está situado nunha aba do monte do mesmo nome na banda sur da ría de Ferrol. Eclesiasticamente pertence á freguesía de San Pedro de Cervás, do arcebisado de Santiago.

O convento está en construción en 1392 baixo o promotorado de Fernán Pérez de Andrade, que llo ofrece á orde franciscana. Nace con finalidades devocionais e hospitalarias. De 1393 é a autorización do arcebispo compostelán García Manrique para fundar o convento. Dous anos máis tarde, por Bula papal de Bieito XIII, confirmase a construción do edificio. Por último, en 1403 o mesmo Papa exime o convento de Santa Catalina de Montefaro e de Santa María de Chanteiro do pagamento de décimos.

Fernán Pérez dota o mosteiro de importantes doazóns, sendo a máis importante a da vila de Mugar dos, co seu couto, xurisdición e señorío. As propiedades de Montefaro irán incrementándose ao longo dos séculos até a súa desaparición por mor da Desamortización en 1837.

2. OS INFORMES

No ano 1933 D. Miguel Blay² remite ao *Director General de Bellas Artes* un informe sobre un relevo en mármore que representa o bautismo de Cristo e que foi ofrecido en venda ao Estado por parte de D^a Cristina Balaca. Neste informe descríbese o relevo

1. Arqueólogo. Licenciado en Xeografía e Historia (USC). Licenciado en Humanidades. Especialidade de Xestión do Patrimonio (UDC).

2. Escultor. Académico da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Director da Academia de Bellas Artes de Roma.

como unha obra toscamente tallada nun mármore branco veteado, de gran grosor, con tonalidades grises azuladas. As medidas son de 95 cm. de longo por 29 cm. de anchura.

Na escena amósase a San Xoán vestido con túnica pregada en liñas verticais ao lon-go das pernas. O santo está sobre un montiño, coloca a súa man dereita sobre a cabeza de Xesús e cóllepelle coa outra a destra. As augas do río Xordán cobren a Xesús até os xeonllos. O Espírito Santo en forma de pomba descende verticalmente coas ás abertas.

O informe conclúe que é unha obra románica dos “primeiros decenios do século XII” de gran interese, pois “o asunto no se repite en ningunha outra escultura española daquela”. Declara que é unha peza senlleira, e finaliza propoñendo a súa adquisición xa que non se considera esaxerado o prezo polo que se ofrece: 12.000 ptas.³

Efectivamente, seguindo o consello do informe técnico, o Estado compra o relevo, que estaba depositado no Museo de Valencia de Don Juan. No Boletín del *Museo Arqueológico Nacional* do ano 1935, o académico D. Luis Vázquez de Parga⁴ redacta unha nota descritiva sobre o relevo, confirmando así a adquisición realizada dous anos antes. Ademais de realizar a análise da peza, sinala que na documentación oficial non aparece indicada a procedencia do relevo e que a súa atribución ao mosteiro de Montefaro se debe só a “indicacións oficiosas da vendedora”. Advírtese tamén que o relevo ten unha cronoloxía anterior á fundación do convento polo que non descarta a hipótese de que a peza escultórica pertencera a outro mosteiro máis antigo e que o franciscano a herdara⁵.

3. O RELEVO

O estado de conservación da peza é aceptábel. As medidas do relevo publicadas no informe de 1933 coinciden coas da ficha actual do Museo se exceptuamos as relativas ao ancho da peza: 38,50 cms. e 29 cms., respectivamente. A maiores indícase tamén na ficha o grosor da laxa de mármore: 12,50 cms. O bordo inferior desta ten un resalte no que se apoian os pés de Xesús. As dúas esquinas superiores están partidas. As figuras aparecen ben conservadas destacadas en alto relevo, aínda que teñen lixeiras roturas nalgunhas partes anatómicas resaltadas: nariz, mans e pés.

San Xoán ocupa o lugar esquerdo da composición, vestido con túnica e manto, sobre un montículo no que se aprecian esquemáticas formas vexetais. Xesús está metido nas augas do río Xordán. O Precursor apoia a súa man dereita na cabeza de Xesús e cóllepelle coa outra o brazo dereito, nun xesto característico do bautismo por inmersión.

Para Blay, Xesús está vestido e suxeita a túnica coa man esquerda; Vázquez de Parga, non obstante, afirma no seu informe que Xesús está espido. As augas do río repre-

3. M. BLAY: *Informe acerca de instancia de doña Cristina Balaca, ofreciendo en venta al Estado un relieve en mármol*. “Boletín de la Academia de Bellas Artes de San Fernando”, nº108; 4º trimestre, 1933. Madrid.

4. Arqueólogo do Museo Arqueológico Nacional. Académico numerario da Real Academia de la Historia.

5. L. VÁZQUEZ DE PARGA: “Relieve románico del bautismo de Cristo”. Adquisiciones en 1933. *Museo Arqueológico Nacional*, 1935. Madrid.

séntanse en formas ondulantes paralelas que chegan pouco máis arriba dos xeonllos. Ambos personaxes represéntanse fisicamente co pelo partido sobre a fronte, longo até os ombreiros e con barbas rizadas. Xesús posúe nimbo crucífero e San Xoán nimbo sinxelo. Sobre a cabeza de Xesús descende verticalmente a pomba.

No primeiro informe, Miguel Blay atribúe a obra á influencia dun “maestre de Praterías”. Vázquez de Parga está en desacordo, afirmando que por iconografía e técnica a obra non parece propia do círculo de Praterías, salientando a dificultade para encadralo dentro das características do románico hispano.

4. A ICONOGRAFÍA

As representacións do bautismo de Cristo aparecen xa nos primeiros tempos do cristianismo e permanecerán no tempo con lixeiras variacións iconográficas. Nas catacumbas de San Calixto aparecen representados moi esquematicamente coa técnica do fresco unicamente Xoán e Xesús. A arte bizantina enriquecerá a escea: personificación do río Xordán, anxos, animais bebendo...

No mosaico dos Ortodoxos de Rávena, de principios do século V, Xesús ocupa o centro da escena, coa auga até a cintura, espido, con barba, e nimbo. San Xoán, tamén con nimbo, á esquerda e a personificación do río á dereita. Sobre Xesús a pomba coas ás abertas.

No mosaico dos Arianos, de finais do século V, Xesús é un rapaz imberbe que aparece no centro da escena, espido, coa auga até a cintura e con nimbo. Ten á súa dereita a re-presentación do río e no outro lado a San Xoán, sen nimbo. A pomba, na vertical da cabeza de Xesús, coas ás abertas.

A iconografía do relevo de Montefaro segue a tradición bizantina. Esta é a conclusión á que chegan os dous autores dos informes mencionados. Engaden ademais outros datos formais que confirman esta tradición, como son as técnicas de pregado das túnicas, en liñas verticais que caen ao longo das pernas formando candís na parte inferior, así como a acción por parte de Xoán de coller a man de Xesús, propia de bendicir na iconografía oriental.

Os dous autores coinciden tamén no marco cronolóxico: primeiros decenios do século XII. Respecto ás características do material no que está realizado o relevo, Blay establece un certo “parentesco co testeiro de lauda de Sahagún”. A iconografía hispana do bautismo de Cristo represéntase en lugares polos que discorre o Camiño de Santiago sobre todo nos seus tramos iniciais peninsulares.

Temos exemplos de composicións similares ao relevo de Montefaro na representación pictórica do bautismo de Sagüés, ademais de relevos en doelas e capiteis de Estella, Irache ou Tudela: Xesús no río coa auga até os xeonllos, representándose esta mediante liñas onduladas paralelas. San Xoán está sobre un outeiro e pousa a súa man

sobre a cabeza de Xesús⁶. A particularidade da iconografía hispana está en que San Xoán viste con túnica e manto en vez de aparecer cuberto coa pel de camelo. A partir do século XIII xa non se vai representar o bautismo de Cristo coa fórmula da inmersión, senón que o ritual mudará á infusión, vertendo auga cunha cuncha sobre a cabeza.

Resumindo, podemos dicir que os antecedentes directos da composición iconográfica de Montefaro están nas miniaturas, frescos e mosaicos bizantinos, que chegan á península a través do Camiño.

5. CONCLUSIÓN

A orixe do chamado relevo do bautismo de Cristo de Montefaro está marcada polo misterio. Como indicamos máis arriba, a única referencia que identifica a obra como proveniente deste mosteiro son indicacións oficiosas da vendedora. Oficialmente non se teñen máis datos sobre a localización orixinal da obra. Como se expresa no informe oficial, a obra é anterior en case 300 anos á construción do convento de Montefaro. Sabemos que a idea inicial para a fundación do convento de Santa Catalina de Montefaro era construílo no lugar de Chanteiro, onde xa existía unha ermida anterior á actual, pero esa idea abandonouse por non parecer este un lugar seguro. A hipótese de que estivera situada nunha edificación anterior da zona terá que ser confirmada documental ou arqueoloxicamente, pois tamén puido chegar ao mosteiro dende outro lugar a través dos intercambios comerciais da época.

Nos inventarios realizados con motivo da Desamortización en 1835 e 1836 dos bens de Chanteiro e Montefaro non consta a peza escultórica do Bautismo, polo que ou ben desapareceu antes destas datas ou ben nunca formou parte das propiedades do convento.

A vendedora do relevo Cristina Balaca Vergara pertencía a unha saga familiar de artistas. O seu avó José Balaca y Carrión naceu en Cartagena no ano 1800 e casou coa ferrolá Cristina Orejas-Canseco. El era un coñecido pintor miniaturista e numerario da *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*. Tivo que exiliarse en diversos países europeos debido á súa ideoloxía liberal. Tiveron dous fillos, tamén interesantes e afaados pintores da segunda metade do século XIX: Eduardo e Ricardo. Este último foi discípulo de Madrazo, tivo casa familiar na Coruña donde pasaba tempadas e viaxaba pola zona pintando paisaxes e escenas costumistas. A súa filla Cristina vai ser quen de vender o relevo do Bautismo de Cristo ao Estado. Cristina Balaca Vergara casa cun artista: Federico Schulheis, de quen tamén temos noticias como vendedor de obras de arte, entre outras un óleo da escola paisaxística holandesa ao *Museo del Prado* no ano 1944.


6. M^a A. GINÉS SABRÁS: *Los programas hagiográficos en la escultura románica monumental de Navarra*. "Príncipe de Viana", n^o183; 1^o cuatrimestre, 1988. Pamplona.

Estamos pois diante dunha familia de artistas e coleccionistas de arte que nas décadas 30 e 40 do pasado século se desprenden de importantes obras das que non citan a súa orixe ou achegan vagas referencias con respecto á súa procedencia. No caso do relevo que nos ocupa, teremos que esperar a contrastalo con datos concretos para poder adscribir a súa orixe certa, sen dúbida, ao mosteiro de Santa Catalina.

*AGRADECIMENTOS: A Alexandre Caínzos Corbeira. Bibliotecario e arquivero. Pontedeume.
Esperanza Adrados Villar. Archivo Histórico Nacional (AHN).
Begoña Muro Martín-Corral. Museo Arqueológico Nacional (MAN).
M^{ra} Teresa Galiana Matesanz. Real Academia de Bellas Artes de S. Fernando (RABASF).*



Convento de Montefaro. Vicente Pueyo (c.1859)




Benedicto XIII exime o convento de Santa Catalina de Montefaro e de Santa María de Chanteiro do pago de décimos (15/09/1403). Clero Secular-Regular, Car.511, N.5r. (AHN)



Bautismo de Cristo. Románico, S. XII.
FD/N/00710 (MAN)



Pormenor do bautismo de Cristo. FD/N/00711 (MAN)



San Xoán Bautista. FD/N/00712 (MAN)